

ZWEIBRUKEN:

EXPERIENCIA DE RECOLLIDA
SELECTIVA DE LIXO

por Adela Vázquez,

Bióloga, profesora de C.Naturais
no I.B. de Pontepedriña. Santiago.

O lixo, aparatos e coches vellos, roupa usada e restos en xeral son xa un problema de tódolos países que chamamos desenvolvidos. Nunha "sociedade do ben-estar" a carencia de alimentos, roupa ou electrodomésticos deixa de ser unha preocupación e pasan a un primeiro plano outras, non menos importantes pero que, por ser novas, tardamos en ver, concienciarnos e buscar solucións.

O problema do lixo rebasa o ámbito familiar e local e por iso os gobernos empezan a tomar medidas, pero somos nós, os consumidores, xunto coa industria, os que producimos os residuos, e, polo tanto, quen temos que reducir o consumo, producir menos restos, reclamar servizos de reciclaxe e, sobre todo, contaminar menos, para que os nosos fillos e netos poidan disfrutar dunha mellor calidade de vida.

QUE FAN EN ALEMANIA CO LIXO?

Tendo cavilado no problema do lixo, pensaba eu que xa cumpría levando as botellas ó contenedor e usando papel reciclado. Pero foi durante a miña estadía en Alemaña cando caín na conta do moito que eu e a miña familia contaminamos e despilfarramos en auga e lixo.

Tiven a oportunidade de coñecer a vida dun pequeno pobo perto de Zweibruken, na Renania-Palatinado rural, lugar no que nen había onde tomar un café ou mercar o xornal. Residín nunha casa típica, unifamiliar, con xardín e horta, que dispón dun mecanismo simple de recollida de auga do teito para

aproveitala no rego, ou no lavado de coches. Werner, o dono da casa, ten previsto sofisticar-lo sistema para aproveitar tamén esta auga no W.C.. Na cociña, e no resto da casa, hai varios contenedores, cada un destinado a un tipo de lixo; así, hainos para o papel, para os plásticos, os restos da comida, follas e ramas do xardín, e no garaxe, cada un no seu sitio, para as pinturas, medicamentos, roupa e ferros. Puiden, deste xeito, apreciar-la cantidade e variedade de lixo que producimos, e sobre todo reflexionar "onde vai o noso lixo?".

UN VAL DE LIXO

Visitamos o vertedeiro municipal: un val cercano que actuou de vertedeiro durante os últimos 20 anos, e que hoxe está colmado e está escomenzando a contaminar as augas subterráneas - que son as augas potables que teñen para o consumo-, por isto que o Concello vai tratar de extraer o lixo, clasificalo e envialo para ser reciclado, ou debidamente procesado nos casos en que o reciclado non sexa posible. Isto costará moitos cartos e tempo, e aínda non están seguros de se poderán afrontalo con eficacia. Como recurso económico contan co cobro de cinco millóns de marcos anuais ao Concello veciño de Pirmasens por vir tirar aquí o lixo, co cobro de diferentes cantidades ás persoas que queren desfacerse da T.V., materiais de construción, etc, e da venda de compost (25 marcos/m³ no mesmo vertedeiro).

Valeirar un val de lixo para logo volver a enchelo despois

**«UNHA FAMILIA DE 3 PERSOAS PAGA UNHAS
35000 PTS Ó ANO POLA RECOLLIDA DE LIXO PERO
SE NO FAI COMPOST PAGA O DOBLE»**



de impermeabilizar o chan con varias capas filtradoras e impermeables que protexan con seguridade as augas freáticas non é tarefa fácil. Existe realmente un perigo tan grande que xustifique tal traballo?. Eles saben que neste vertedeiro existen toneladas de pilas que contaminan terriblemente as augas freáticas con mercurio, por poñer un exemplo.

CLASIFICAR O LIXO NON É FÁCIL

Lóxicamente, despois desta experiencia, o Concello de Zweibruken está tomando medidas para que isto non se volva a repetir. Qué facemos co lixo se a recollida nas rúas para levalo a un vertedeiro mantén "limpas" as casas e as rúas pero creamos un foco terrible de contaminación para as futuras xeneracións?. Pois hai dúas solucións posibles ata agora -pensan os alemns-: queima-lo lixo ou recicla-lo. Para queimalo hai varios tipos de tecnoloxía; o resultado medido en termos de contaminación atmosférica por gases depende do proceso a seguir e consume moita enerxía. O segundo camiño é a reciclaxe. En Europa, Suiza optou pola incineración, Suecia e Alemaña pola reciclaxe e outros gobernos como o español e o italiano parece que van optar pola incineración.

A reciclaxe a moitos de nós parécenos o mellor camiño, sen embargo convén coñecer qué demanda de nós, en qué consiste detalladamente, e sobre todo, ter moi claro que a reciclaxe é tarefa de todos.

Afrontar a reciclaxe dos produtos do consumo humano e da industria significa para o goberno alemán e os gobernos locais:

- aumentar as multas por contaminación
- reforzar os controis de emisión de residuos
- organizar e manexar os labores de reciclaxe
- informar e favorecer os hábitos aforradores e de reciclaxe
- aumentar fortemente as facturas de auga e de recollida de lixo.

«TÓDALÁS FAMILIAS TEÑEN 3 BOLSAS NA COCIÑA, ADEMAIS DE OUTROS RECIPIENTES EN DIFERENTES PONTOS DA CASA PARA SEPARAR O LIXO E FACILITAR A SÚA RECICLAXE»

UN SISTEMA DE RECOLLIDA COMPLICADO

O Concello de Zweibruken ten un departamento rexido por unha licenciada en Xeografía e Medio Ambiente. Ela organizou e dirixe as tarefas municipais de recollida de lixo e proporciona a información ás familias, centros escolares, etc...

As familias deben optar por facer compost cos seus restos orgánicos ou non facelo. As familias que dispoñen de xardín e/ou horta -a maioría teñen ambos polo placer de cultivar unhas leitugas- optan por facer compost xa que isto reduce a factura do Concello. Unha familia de 3 persoas paga unhas 35.000 pts ó ano pola recollida de lixo pero se non fai compost paga o dobre. Facer compost significa recoller tódolos restos da comida libres de plásticos, aluminio e papel e ir acumulndoos nun contenedor no xardín. Cada certo tempo (depende do aporte diario) hai que darlle a volta xa que no fondo as bacterias e miñocas van transformando "a comida" en compost que un excelente abono para o xardín. O compost tarda aquí un ano en formarse. Os restos orgánicos da comida constituen case a metade do lixo dunha familia (sen bebés). As familias con cativos teñen un permiso especial para producir máis lixo (pañais, roupa...) sen pagar máis.

Tódalas familias teñen 3 bolsas na cociña, ademais de outros recipientes en diferentes puntos da casa para separar o lixo e facilitar a súa reciclaxe. É o que chamamos recollida selectiva e que reflexamos no cadro adxunto.

Este é un aspecto e unha parte da solución, pero ademais necesario reducir o consumo de determinados produtos. Por exemplo, hai moito "stock" de plástico para reciclar, polo que se están a facer campañas para usar menos plásticos. Todo o mundo usa unha bolsa de tea ou un cesto para ir á compra, pagándose as bolsas de plástico que adquiren nas tendas e supermercados. Estes teñen a obriga de recoller os envases se os clientes non queren levalos á súa casa.



EDUCAR NO AFORRO E NA RECICLAXE

Todo isto implica que todas e todos os cidadáns deben pensar no lixo que producen e onde vai. O lixo é un problema e deben adicarlle máis tempo para clasificalo e levalo ós contenedores correspondentes. Isto lóxicamente ten repercusións



na escola. Nelas trátase o tema do lixo dentro e fora da aula. Fanse campañas entre os pequenos e a xente nova (grandes consumidores) para:

- utilizar papel reciclado (excepto en informes, debuxos...)
- utilizar lápices non metálicos e pluma recargable de tinta
- utilizar goma non plástica
- utilizar pouco pegamento e laca de uñas e outros disolventes fácilmente evaporables (olores tóxicos)
- rebaixar o consumo de plásticos, celofáns, pilas, xoguetes, auga, e, en xeral, produtos de consumo.

A RECICLAXE É CARA

Pero todo isto costa esforzo e diñeiro. O esforzo fanno os alemáns e alemanas, penso eu, motivados polo rexeitamento da alta contaminación que teñen que soportar, como resultado dunha sociedade fortemente industrializada. O Rhin non ten vida, é só un canal de transporte, o Mar do Norte é un vertedeiro, os bosques están morrendo. A ningun se lle ocorre aquí bañarse fora dunha piscina (ríos, lagos) e moito menos beber de calquera fonte. Isto é un precio moi alto a pagar polo seu nivel de vida.

E quen paga todo este sistema tan caro de manter?. Por suposto, o consumidor. Na compra de calquer produto pódese ver un logotipo verde no envase que indica "reciclable", e, por suposto, xa se paga na compra do produto a súa reciclaxe. Isto significa que pode e debe reciclarse o envase e que no precio de venda está incluída unha pequena cantidade de diñeiro para a súa reciclaxe.

Así que van ter razón os nosos pais e abós coa súa manía de apagar as luces, aproveitar ben a comida e a roupa e aforrar en calquera consumo.

Pero, recíclanse realmente todos os materiais?, ou acaban os materiais máis perigosos e problemáticos -aqueles que non se sabe qué facer con eles- no patio de atrás: Africa e Asia?. Non o sabemos de momento, pero haberá que vixiar e poñer a tecnoloxía, a mecánica e a bioloxía - que parece ser que con todo pode- ó servizo da reciclaxe. ■

A XESTIÓN DO LIXO EN ALEMAÑA (cadro xenérico dun tratamento selectivo baseado na reciclaxe).

Material	Recollida	Destino alternativo
Restos de comida	En bolsas, Recollida frecuente	xardín, horta, planta de reciclaxe vertedeiro municipal
Papel e cartón (usados e limpos)	Contenedor específico R. menos frecuente)	Planta de reciclaxe
Envases de vidro	idem.	idem.
Plásticos limpos	idem.	idem.
Papel de aluminio - Pezas metálicas	idem.	Reciclaxe en altos fornos
Pilas	idem.	Planta de reciclaxe
Lixo problemático (pinturas, funguicidas, productos químicos, medicamentos, etc)	idem.	Incineración
Roupa	R. pola Cruz Vermella e outras organizacións	Reusada
Electrodomésticos	R. periódica nun lugar determinado previamente	Eliminanse os FCC e recíclanse os metais
Vidro de ventanas	idem.	Reciclado
Outros: madeiras, moquetas, materiais de construción	Recollida e separación en vertedeiro.	

Galicia: Natureza viva



Os nosos montes están cheos de marabillas

Os montes galegos están cheos de vida, beleza e habitantes coma este. Pequenos personaxes que fan do monte un lugar máximo e marabilloso.

Todos os animais, plantas e árbores que viven nos montes son necesarios para manter o equilibrio do noso medio natural.

Os montes merecen os coidados e respecto de todos, porque eles forman parte da Galicia viva.



Plan Forestal



CONSELLERÍA DE
AGRICULTURA
GANDERÍA E MONTES

¡Xuntos contra o lume!
AVISANOS NO TELEFONO GRATUITO
085